

NORMAS XI BTT BEALO PARTY 2025

– Regulamento:

A organización da Bealo Party 2025, organiza a “XI BTT Bealo Party” que se celebrará o día Domingo, 24 de AGOSTO de 2025 con saída e chegada no campo de fútbol de Bealo (podense atopar as coordenadas no cartel da “Quedada BTT”. A saída darase as 09:00 horas.

A rota encadrase como quedada de Cicloturismo-BTT sendo un exercicio físico con fines de ocio, turístico ou cultural, excluindo expresamente a competición.

Tódolos participantes consideraranse en excursión persoal, debendo aterse as normas do vixente código de circulación, considerándo se persoalmente responsables das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada polo que os participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas. A organización reservase o dereito de expulsar a calquera participante que incumpla as normas ou non respete os membros da mesma.

A idade mínima para poder participar na marcha, será de 13 anos. Os menores que teñan mais de 13 anos, poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor

A organización non se fai responsable de ningún accidente do que poida ser causa ou vítima o participante durante a marcha, como tampouco se fai responsable dos gastos ou débedas que puidera contraer durante o percorrido.

Será imprescindible para participar na marcha, o uso do casco.

Só será considerado participante da “XI BTT Bealo Party”, a persoa que cumprimente total e correctamente a inscrición mediante a páxina <http://www.bealoparty.wordpress.com>.

O prezo da inscrición será de 15 € para todos os participantes que debe facer mediante a páxina web de www.cronotec.es. As inscricións fora de este prazo, e hasta unha hora antes da saída, terán un coste de 20€.

Os participantes considéranse inscritos (ata un máximo de 300 participantes) unicamente cando se verifique a realización do ingreso. O feito de inscribirse na web non da dereito a pre-inscrición.

As inscricións consideraranse definitivas polo que, unha vez rematado o prazo de inscrición e no caso de non poder participar non se realizará a devolución do importe da mesma.

As inscricións abriranse o día 1 de XULLO de 2025 e pecharanse o día 20 de AGOSTO de 2025 as 23:59hrs ou cando a Organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.

O participante coa súa inscrición manifesta encontrarse fisicamente apto para a proba.

Estableceranse puntos de control que estarán debidamente sinalizados onde se deberá pasar antes dunha hora prefixada, en caso de superar os horarios a organización sinalará os camiños alternativos máis curtos que o principal.

Disporase de dous avituallamento líquidos e un sólido dentro do percorrido da marcha. Así como uns pinchos o remate da mesma

Haberá a disposición dos participantes dun aparcamento gratuito dentro do campo, un servizo de duchas e lavado de bicicletas o rematar a proba.

A organización garante o pleno cumprimento da Ley Orgánica de Protección de Datos (LOPD), o inscrito queda informado e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos os ficheiros automatizados existentes na sede da organización o tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación con xestións administrativas ou comerciais. O inscrito pode exercer o seu dereito, mediante escrito dirixida a organización, ó acceso, rectificación ou cancelación dos mesmos.

O feito de inscribirse na marcha, supón a aceptación do presente regulamento, e a renuncia a todos os dereitos contra a organización, sponsors e colaboradores, dos danos que poida sufrir no transcurso da mesma.

.....con dni:.....acepto
las normas para participar en esta btt bealoparty a fecha de

Firma: